



## PROTOCOLO DE CONDUCTA PARA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CON ESTADÍA FÓRA DA CASA

- 1.- No lugar onde vou estar aloxado, serei **coidadoso/a coas súas instalacións**, cos seus horarios e cos demais hóspedes. No caso de haber danos a persoas ou bens alleos serán responsables os/as autores materiais. De non se identificaren, a responsabilidade recaerá no grupo directamente implicado. En caso de minoría de idade, serán os/as pais/nais/titores legais deste alumnado os obrigados a facerse cargo dos danos causados.
- 2.- Empregarei o **móbil**, ou outros aparellos electrónicos, soamente naqueles momentos nos que dispoña de **autorización do profesor/a** e sempre sen interferir na convivencia entre iguais (non gravacións, fotos ou audios sen consentimento explícito das partes implicadas).
- 3.- Non consumirei bebidas enerxéticas nin alcohólicas, tabaco nin calquera outro tipo de droga.
- 4.- **Nunca me ausentarei do grupo** sen informar e pedir permiso previamente aos/as profesores/as responsables. Cando teñamos tempo libre nunca sairei só/a, fareino sempre acompañado/a. Tampouco **saierei do lugar de hospedaxe** se non é cos profesores/as.
- 5.- En caso de ausentarme do grupo con permiso **estarei en todo momento localizable co móbil aceso**.
- 6.- Serei moi escrupuloso/a coa **puntualidade**. Sendo impuntual fago perder o tempo aos demais e prexudico o ritmo da excursión. Un retraso de máis de 15 minutos será considerado unha falta de conduta grave e será sancionada en consecuencia.
- 7.- **Respectarei** en todo momento as **decisións e indicacións** que tome o profesorado na viaxe.
- 8.- Asistirei a todas as **actividades programadas**, participarei activamente nelas e amosarei a miña boa disposición a colaborar.
- 9.- Procurarei manter un bo clima de **convivencia** con todos/as os/as participantes da viaxe, respectando as opinións dos demais.
10. Cando participo nesta actividade son consciente de que en caso de condutas inadecuadas seranme de aplicación as normas de convivencia do instituto e as correspondentes correccións. A gravidade destas condutas inadecuadas vese incrementada polo feito de que a actividade se desenvolve fóra do centro educativo e calquera alteración supón un comportamento insolidario cos/as compañeiros/as e un dano para a imaxe do centro.

**O incumprimento de un ou varios destes puntos poderá implicar a expulsión inmediata da viaxe, supoñendo a recollida por parte dos/as responsables legais do/a alumno/a.**